



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A XESTIÓN DAS TAXAS E PREZOS PÚBLICOS CORRESPONDENTES Á ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERIA DEPENDENTE DA CONSELLERÍA DE SANIDADE E ADSCRITA Á CITADA UNIVERSIDADE.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1998, do 20 de outubro, e de conformidade cos Decretos 136 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Doutra, Don Julio Abalde Alonso, reitor magnífico da Universidade da Coruña, que actúa en nome e representación da mesma en virtude do seu nomeamento polo Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro, publicado no DOG de 13 de xaneiro de 2020, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e o Decreto 101/2004 de 13 de maio (D.O.G. de 26 de maio) polo que se aproban os estatutos da UDC, modificados por Decreto 194/2007, de 11 de outubro (D.O.G. de 17 de outubro).

As partes comparecentes recoñécense mutuamente capacidade legal para obrigarse e subscribir o presente convenio, e para o efecto,



EXPOÑEN

I.- De conformidade co previsto no Decreto 242/2008, de 9 de outubro, polo que se regulan a natureza, os fins e os órganos de goberno das escolas universitarias de enfermaría dependentes da Consellería de Sanidade, esta posúe a titularidade das escolas universitarias de enfermaría de A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.

Estas escolas foron creadas no seu día polas distintas administracións públicas que posuían a titularidade dos respectivos complexos hospitalarios coa finalidade de incrementar a capacitación do seu persoal.

Segundo se indica na exposición de motivos do citado Decreto 242/2008, do 9 de outubro, estas escolas son centros adscritos ás universidades de Galicia, en virtude da sinatura do convenio, do 7 de febreiro de 1985, entre o Instituto Nacional da Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela, do Convenio do 10 de outubro de 1989, entre a Universidade de Vigo e a Diputación Provincial de Ourense, e o regulado na Lei 11/1989, do 20 de xullo, de universidades de Galicia e no Decreto 3/1990, do 11 de xaneiro, de segregación de centros e servizos da Universiades de Santiago de Compostela e da súa integración nas universidades da Coruña e Vigo.

II.- De conformidade co artigo 1 do Decreto 242/2008, do 9 de outubro, as escolas universitarias de enfermaría de titularidade da Consellería de Sanidade da Coruña, Lugo, Ourense e Vigo, son centros docentes de formación universitaria, nos que se cursa a titulación de diplomatura de enfermaría, master e doutorado, de acordo coa normativa vixente, e aqueloutras titulacións que no futuro se determinen. O título de Graduado/a en enfermaría é expedido pola universidade á que cada unha está adscrita.

III.- Tal e como determina o artigo 3 do citado Decreto 242/2008, do 9 de outubro, as escolas universitarias de enfermería dependen da Consellería de Sanidade, a quen lle corresponden todos os aspectos xerenciais e técnicos das mesmas.

Ditas escolas son centros docentes adscritos ás universidades respectivas do Sistema Universitario de Galicia. A tal efecto, a Escola Universitaria de Enfermaría de A Coruña





está adscrita á Universidade de A Coruña; a Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo está adscrita á Universidade de Santiago de Compostela; e as escolas Universitarias de Enfermaría de Ourense e Vigo están adscritas á Universidade de Vigo.

Segundo a mesma disposición regulamentaria correspóndenlle á universidade de adscrición de cada escola as competencias recollidas na normativa vixente, tanto a nivel estatal como autonómico, e nos respectivos estatutos e normas de desenvolvemento relativas aos centros adscritos.

IV.- Posteriormente, a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, estableceu na súa disposición transitoria cuarta que, para que os centros adscritos a universidades do SUG existentes no momento de entrada en vigor desta lei puidesen seguir desenvolvendo a súa actividade académica universitaria, deberían adaptar o convenio de adscrición coa universidade, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor da citada lei.

No caso das Escolas Universitarias de Enfermaría adscritas, o contido do Decreto 242/2008, de 9 de outubro, polo que se regulan a natureza, os fins e os órganos de goberno das escolas universitarias de enfermaría dependentes da Consellería de Sanidade, axústase ás normas xerais de adscrición previstas no artigo 22 da Lei 6/2013, agás nos extremos relativos ás previsións relativas ao réxime económico que rexerá as relacións entre o centro adscrito e a universidade, e o réxime de prezos que teñen que satisfacer os e as estudantes en cada unha das ensinanzas que se imparta no centro, por entender que nestes aspectos resultaban de aplicación as disposicións regulamentarias vixentes respecto da regulación dos prezos públicos derivados da prestación de servizos académicos e administrativos no Sistema Universitario de Galicia.

V.- O Decreto 103/2021, de 1 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2021/22, prevé no seu artigo 3 que *“o alumnado dos centros adscritos aboará á universidade, en concepto de expediente*





académico e de proba de avaliación, o 25 % dos prezos establecidos na tarifa primeira do anexo, sen prexuízo do establecido no correspondente convenio que dito centro teña asinado coa respectiva universidade. Os demais prezos aboaranse na contía íntegra prevista.”

Con data do 20 de agosto do 2021 o Servizo Galego de Saúde e a Universidade da Coruña asinaron un acordo para a xestión do cobro das matrículas do alumnado da Escola Universitaria de Enfermería da Coruña, restrinxida ao curso académico 2021/2022.

VI.- Co obxecto de unificar e simplificar os criterios de xestión, facilitar ao alumnado dos centros adscritos o procedemento de pagamento dos prezos públicos aplicables, e adaptar as adscrición vixentes das Escolas Universitarias de Enfermería aos principios de xestión determinados na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, así como ás previsións regulamentarias relativas ao cobro dos prezos públicos aplicables ao alumnado dos centros adscritos, cómpre establecer mediante o presente convenio a regra aplicable á Escola Universitaria de Enfermería adscritas á Universidade da Coruña para a xestión das taxas e prezos públicos correspondentes.

A tal efecto, as partes consideran necesaria a subscripción dun convenio de colaboración, que someten ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as previsións relativas ao réxime económico que rexerá as relacións entre os centros adscritos e a universidade de adscrición, no que atinxe ao réxime de prezos que teñen que satisfacer os e as estudantes nas ensinanzas que se imparte na Escola Universitaria de Enfermería





titularidade da Consellería de Sanidade e adscrita á Universidade da Coruña.

A tal efecto, e de conformidade co previsto no artigo 3 do Decreto 242/2008, de 9 de outubro, polo que se regulan a natureza, os fins e os órganos de goberno da escola universitaria de enfermaría dependente da Consellería de Sanidade, a EUE da Coruña está adscrita á Universidade da Coruña.

SEGUNDA.- Xestión das taxas e prezos públicos nso centros adscritos.

De conformidade coas previsións regulamentarias aplicables a cada curso escolar en materia de prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia, o alumnado dos centros adscritos aboará á universidade de adscrición, en concepto de expediente académico e de proba de avaliación, o 25 % dos prezos establecidos na tarifa aplicable. Os demais prezos aboaranse na contía íntegra prevista.

Co obxecto de mellorar a xestión e simplificar o exercicio do dereito de matrícula por parte do alumnado, no caso dos centros adscritos as disposicións vixentes permiten ás partes interviñentes establecer, mediante convenio, as condicións que rexerán as súas relacións económicas, polo que estas acordan a aplicación do seguinte sistema, no que atinxe ao cobro e xestión dos dereitos de matrícula correspondentes ao seu alumnado:

- O alumnado da Escola Universitaria de Enfermaría da Coruña aboará integramente á universidade de adscrición o 100% dos prezos públicos establecidos na tarifa aplicable, no momento da formalización da matrícula e de conformidade cos procedementos establecidos pola respectiva universidade para o resto do seu alumnado.
- Do importe recadado a Universidade transferirá ao SERGAS o setenta e cinco por cento dos prezos públicos establecidos na "Tarifa primeira. Actividade docente", de conformidade co establecido neste Decreto para os centros adscritos unha vez rematado a xestión dos mesmos.





TERCEIRA.- Comisión Mixta de Seguimento.

O seguimento do presente acordo realizarase por parte dunha Comisión Mixta de Seguimento que interpretará e velará polo cumprimento dos termos recollidos neste acordo, que estará composta por unha persoa representante por cada unha das partes asinantes:

- Unha persoa en representación da Consellería de Sanidade
- Unha persoa en representación do Servizo Galego de Saúde.
- Unha persoa en representación da Universidade da Coruña.

Son funcións desta comisión mixta de seguimento:

- a) Velar polo cumprimento do acordo.
- b) Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio, así como as actuacións que requira o seu desenvolvemento e aplicación.
- c) Propoñer as solucións das posibles controversias que puideran xurdir en relación ao acordo.

CUARTA.- Duración do Convenio

O convenio terá unha duración de catro anos que comezarán a computarse a partir da data de sinatura deste.

O convenio poderase prorrogar por períodos anuais ate un máximo de catro anos por acordo expreso das partes, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, agás que medie denuncia de calquera delas, que deberá producirse cunha antelación mínima de catro meses ao comezo do curso académico.





QUINTA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio de colaboración o mutuo acordo entre as partes, o incumprimento, total ou parcial dalgunha das súas cláusulas, ou denuncia expresa por algunha das partes asinantes cunha antelación mínima de catro meses á data de fin de vixencia.

No caso de denuncia, as partes comprométense a garantir os dereitos académicos dos estudantes que se encontren cursando os estudos no correspondente curso académico.

SEXTA.- Adhesión ao Convenio

Este Convenio está aberto ao Sistema Universitario de Galicia. Polo que as Unviersidad de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo poden adherirse ao mesmo.

SÉTIMA.- Natureza do convenio

Este Convenio é de natureza administrativa e rexerase polas estipulacións nel contidas; polo previsto na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia; no Decreto 242/2008, do 9 de outubro, polo que se regulan a natureza, os fins e os órganos de goberno das escolas universitarias de enfermaría dependentes da Consellería de Sanidade; e na normativa regulamentaria que resulte de aplicación en materia de prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia; así como no previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A xurisdición competente para dirimir os conflitos que puidesen resultar deste será a contencioso-administrativa.





OITAVA.- Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica gallega poida facer públicos os datos de carácter personal e calquera outra especificación que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de enero, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En proba de conformidade, asinan este convenio na data da sinatura electrónica e para un só efecto.

Pola Consellería de Sanidade e o
Servizo Galego de Saúde

Pola Universidade da Coruña

Julio García Comesaña

Julio Abalde Alonso

